

Canto supón a compensación económica en caso de folga?

Para os afiliados e afiliadas cunha antigüidade ininterrompida igual ou superior a un ano, o 90% do Salario Mínimo Interprofesiona (SMI).

Para os afiliados e afiliadas cunha antigüidade ininterrompida igual ou superior aos tres meses, e ata os doce, o 50% do Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

A partir de que día de folga se tería dereito á compensación económica?

A partir do quinto día de folga. As folgas de cinco días ou menos de duración non terían dereito a compensación económica.

O ano 2006 é un momento histórico para o movemento sindical galego. A creación da CAIXA DE RESISTENCIA, baseada fundamentalmente no principio na SOLIDARIEDADE dos traballadores organizados na CIG, vai reforzar a nosa posición sindical, fronte ás agresións e aos intentos de asfixiar os conflitos economicamente.

TEMOS RAZÓN SINDICAIS PARA LOITARMOS CONTRA A EXPLOTACIÓN E OS ABUSOS DO CAPITAL

TEMOS UNHA NOVA FERRAMENTA PARA ACADARMOS AS NOSAS XUSTAS REIVINDICACIÓNS

TEMOS A CAIXA DE RESISTENCIA DA CIG

Na loita resistir é vencer



**Resistencia
e Solidariedade**

1 DE XANEIRO

- **Actívase a**
- **Caixa de Resistencia**
- **e Solidariedade da CIG**



**Resistencia
e Solidariedade**



Confederación Intersindical Galega



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

O 1 de xaneiro actívase a Caixa de Resistencia e Solidariedade da CIG

“a Caixa de Resistencia Confederal constitúese como un acto de Solidariedade de tódolos traballadores e traballadoras afiliados a Confederación Intersindical Galega, co obxecto de aumentar a eficacia sindical respaldando a súa acción nas folgas...” (Artigo 1º do Regulamento da Caixa de Resistencia confederal).

Despois do período de capitalización que se estableceu durante o ano 2006, os afiliados e afiliadas da CIG, temos xa en funcionamento esta nova ferramenta de apoio as convocatorias de Folga.

Para o seu correcto funcionamento, a Caixa de Resistencia, regúlase a través dunhas normas “Regulamento da Caixa de Resistencia Confederal” nas que se recollen aspectos para a súa aplicación: a súa contabilidade, os conflitos que debe cubrir, antigüidade na afiliación para ter acceso a mesma, a cantidade a abonar por día etc.

Comeza este ano 2007, esta nova ferramenta solidaria de apoio sindical para facer fronte con máis eficacia, aos abusos da Patronal que fortalecerá a nosa acción sindical en defensa dos nosos xustos dereitos como traballadores

O inicio. O Fondo de Solidariedade

O Fondo de Solidariedade fundouse coa intención de dar apoio económico a aqueles conflitos que pola súa crueza, e polo seu marcado interese sindical, non podían ser derrotados polos empresarios, porque os traballadores e traballadoras non puideran resistir ao seren afogados economicamente.

A consolidación deste Fondo de Solidariedade, tras oito anos de funcionamento, permitiunos comprobar obxectivamente que este apoio aos conflitos laborais, que eran e son soportados maioritariamente polos nosos compañeiros e compañeiras afiliados, non soamente no peso sindical do conflito senón tamén na súa repercusión económica, axudou a mantelos vivos, a reforzar as nosas posicións sindicais, a avanzar nun modelo de sindicalismo reivindicativo e solidario.

Conflitos como os das auxiliares do Naval de Pontevedra, Gesrrubber, Sintel, etc., e os últimos, como o da recollida do lixo da Mancomunidade da Limia, con 83 días de folga, ou o de Transportes Arriba, onde os traballadores aguantaron tamén 24 xornadas de paro, servíronnos para afortalar o convencemento de que a CAIXA DE RESISTENCIA ten que ser un instrumento na acción sindical, que vai fortalecer o movemento reivindicativo e de vangarda, ante os intentos de asfixia económica por parte da patronal.



Quen sostén economicamente a Caixa de Resistencia?

Os afiliados e afiliadas da CIG coas súas cotas regulamentarias. A Caixa de Resistencia sustentase con un 13% das cotas dos afiliados/as

Período de capitalización da Caixa de Resistencia

Durante o ano 2006, estableceuse un período de capitalización de 12 meses durante os cales non se poderían atender compensacións económicas aos conflitos. Durante este tempo, seguiu en funcionamento o Fondo de Solidariedade.

Quen pode acceder á Caixa de Resistencia?

Todos aqueles traballadores e traballadoras afiliados a CIG que teñan unha antigüidade igual ou superior a tres meses e as cotas sindicais ao día.

